

CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
DATA 31 de xaneiro de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

VOGAIS

DONA PAOLA MARÍA MOCHALES

DNA. ANA GRANJA GUILLÁN

D. GASPAR GONZÁLEZ SOMOZA

D. XESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

TÉCNICO

D. XOAN X. RODRÍGUEZ CUIÑA

D. EMILIO PUMAR DURAN

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:00 do día 31 de xaneiro de 2018 reúnense en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 17 de xaneiro de 2018, que se aprobou por unanimidade.

VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTE SOLICITUDES:

COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a Josefa Iglesias César para cerre de finca rústica na Rúa Espiñeiros – Cea (Ref. Cat.: Pol. 21, parcela 8), quedando exento do retranqueo mínimo segundo Art. 92 da LSG e Art. 217 do Regulamento da LSG, e respectando as servidumes, se as houbera.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 770/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a del Carmen Freijeiro Martínez, para instalación de cancela en acceso ao edificio sito na Pza. España nº 2 esq. Dr. Tourón (Non consta referencia catastral).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 778/17)

RETIRADO 784/17 DAR CONTA DA COMUNICACIÓN PREVIA PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA OFICINA NA AVDA. RODRIGO DE MENDOZA Nº 22 (FEXDEGA). SOLICITANTE: D. JOSÉ RAMÓN PARADA LÓPEZ.

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por d. marcos Morales Sousa en representación de EURONET 360 FINANCE LIMITED (SUCURSAL ESPAÑA), para instalación de caixeiro automático en fachada de local sito na Rúa Alcalde Rey Daviña nº 26 Bx. D (Ref. Cat. 9463034NH1196S0004PB).

As obras de instalación de caixeiro automático en fachada de local e rótulo publicitario, tal e como se indica na documentación que se acompaña, **son admisibles**.

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de nova actividade económica, realizará a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 5/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Rafael César Mera en representación de D. Francisco Abalo Barreiro, para reparacións en cuberta e fachadas da vivenda sita na Rúa Encoro nº 22 – Cea (Ref. Cat. 2971806NH2127S0001GK).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 9/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Antonio González Loroño para limpeza de fachada de vivenda sita na Rúa Veiga do Mar nº 11 – Vilaxoán (Ref. Cat. 7146002NH1174N0001LD).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 10/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Oscar Ramos Lorenzo, para impermeabilización de terraza e cambio da cubrición da mesma na vivenda sita na Rúa Arealonga nº 67 A Laxe (Ref. Cat. 0255910NH2105N0001IF).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 12/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. María Doval Caeiro, para arranxo de cociña, baño e pintado de paredes na

vivenda sita na Trav. Arcebispo Xelmirez nº 6-2º Dta. (Ref. Cat. 9559003NH1195N00061B).

Respectaranse os elementos comúns do inmobile segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos. As instalacións a substituír ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máxmo dun ano. (Expte. 17/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Margarita Fátima López Costoya, para acondicionamento de baño, puntura de vivenda e lacado de portas na vivenda sita na Avda. Rosalía de Castro nº 119 – 1º C (Ref. Cat. 9077201NH1197N0045PS).

respectaranse os elementos comúns do inmobile segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos. As instalacións a substituír ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 20/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Isabel Varela Dos Santos para arraxo de carpintería exterior, baño e cociña en vivenda sita na Rúa Figueira nº 1-1º B – As Bocas (Ref. Cat. 9855401NH1195N0003TJ).

- Xa que se trata dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.
- Respectaranse os elementos comúns do inmobile segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.
- As instalacións a substituír ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máxmo dun ano. (Expte. 21/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Albino Muñin Pampin en representación de ALPANIDE S.L., para obras de reformas de acabados en local sito na Avda. da Mariña nº 16 (Ref. Cat. 9161502NH1196S0002LK)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 23/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a Carmen López Sixto, para retirada de acabados de baño e cociña existentes na vivenda sita en Arz. Lago nº 6-4º C (Ref. Cat. 9261504NH1196S0029RH).

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos. As instalacións a substituír ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 26/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a de los Angeles Lorenzo Brianes en representación de TURISMO NA VILA S.L., para pintado parcial de fachada en local sito na Avda. A Mariña nº 16 (Ref. Cat. 9161502NH1196S)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 30/18)

Informar favorablemente o desestímulo á comunicación previa solicitada coa data 14 de febreiro de 2017, por D. Alfredo García Ruibal para realizar obras de cerramento de terraza na Avda. As Carolinas nº 60 – 5º B, de conformidade co informe técnico no que se fai constar que non se ten realizado as obras solicitadas.

Dése conta ao Departamento de Recadación e Rendas, ós efectos de devolución de taxas, se procede. (Expte. 79/17)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

Informar favorablemente a solicitude de legalización das obras de construción de cuberto para garaxe na Rúa Salgueiral nº 20 Bamio (Ref. Cat. 9190603NH1199S0001HX) presentada por Dna. Concepción Torrado Torres.

Dése conta ao Departamento de Disciplina Urbanística ós efectos correspondentes do expte. D-55/17 de reposición da legalidade. (Expte. 578/17)

Informar favorablemente a legalización de cambio de vinilos en rótulos no local sito na Rúa Alcalde Rey Daviña nº 47 bx. (Ref. Cat. 9364501NH1196S0002OK) presentada por D. Alfonso Sanmartín González en representación de CAMPELOMOLISE 2017 S.L. (Expte. 19/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Sandra Sayar García en representación de COM. PROP. EDIFICIO RUA CASTIÑEIRO 29, para acometida á rede municipal de auga no edificio sito na Rúa Castiñeiro 29 (Ref. Cat. 9756207NH1195N), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Expte. 642/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Ralf Schutte Glasz, para acometida á rede municipal de auga na vivenda sita na Rúa vilar nº 16 – Bamio, baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- Cumprirase estritamente o establecido na autorización da AXI (Expte. IF205Z 2017/000305-4) (Expte. 729/17)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Irene Saborido Franco en representación de GESTIÓN PATRIMONIAL SABORIDO S.L., vistos os informes técnico e xurídico, para cambio de uso de locais comerciais a cinco vivendas, no lugar de Avda. Dr. Moreira Casal (Ref. Cat. 9569001NH1196N), de conformidade co proxecto básico do Arquitecto Técnico D. Jorge Freijeiro Fernández. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación:

Consta no expediente Oficio de Dirección de Obra e Oficio de Coordinador de Seguridade e Saúde, visados coa data de 23/01/2018, sendo designado o Arquitecto Técnico D. Jorge Freijeiro Fernández.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

Dado que o proxecto presentado é un proxecto básico, con carácter previo ao inicio das obras deberá:

- Proxecto de execución debidamente visado polo colexio profesional correspondente.
- Estudo de Seguridade e Saúde.
- Xustificación do aillamento acústico das vivendas respecto dos locais comerciais
- Ficha de Estatística da Edificación e da Vivenda.

Con ocasión da licenza de 1ª ocupación deberá presentar certificado emitido por empresa homologada do cumprimento do aillamento acústico.

Dése conta ao Departamento de Rendas, os efectos de facturación do ICIO, xa que non consta no expediente. (Exp. 768/17)

* En data 24.02.2016 (r.e.nº 1935) por Don Benito Dios Pomares, actuando en nome e representación da Xunta de Compensación da UEI-22, solicitouse licenza de obra para construción de nave comercial na Avenida de Cambados, nº 57-59. Aportase proxecto básico e de execución asinado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Virgilio Pelaez González, visado en data 11.03.2008, sendo o petionario do mesmo a mercantil XESTERREO, S.L.

* En data 19.08.2016 (r.e.nº 10670) polo solicitante da licenza presentouse escrito aportando proxecto novo redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Daniel Sineiro Fontela visado en data 18.08.2016; **documento de cesión de dereitos e obrigas do expediente iniciado ao propietario dos terreos.**

* En data 21.09.2016 polo Arquitecto Municipal emitiuse novo informe ao respecto no que se sinala a necesidade de aclarar e corrixir determinados aspectos do proxecto presentado, así como a necesidade de rematar os trámites administrativos. Requirise, asemade, acreditación da propiedade da parcela por canto se solicita a transmisión do expediente.

* En data 4.11.2016 (r.e.nº 14309) polo interesado presentouse anexo ao proxecto en resposta ao requirimento efectuado no que se indica que o proxecto presentado é un proxecto básico e de execución; acompáñase anexo de cumprimento da normativa; acompáñase documentación complementaria (nota simple informativa de data 23.03.2016 na que figura como propietario da parcela z-2 a mercantil APARTAMENTOS Y CENTRO NEGOCIOS AS CANCELAS, S.L; constitución de garantía das obras de urbanización por un total do 20% do custe das mesmas).

* En data 15.06.2017 (r.e.nº 7827) polo interesado presentouse anexo visado en data 12.06.2017 redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Daniel Sineiro Fontela, Oficios de Dirección de Obra, dirección de execución material e de coordinación de Seguridade e Saúde e Folla de Estatística.

* En data 14.11.2017 (r.e.nº 14669) por D. Carlos Matovelle, actuando en nome e representación da mercantil "APARTAMENTOS Y CENTRO NEGOCIOS CANCELAS, S.L.", presentouse escrito no que se solicita que se outorgue licenza de obras condicionando a súa eficacia a posterior constitución de aval.

* En data 4.12.2017 emitiuse informe xurídico no que se sinala, en relación co ultimo escrito, a necesidade de avalar o custe estimado da totalidade das obras para poder

simultanear as obras de urbanización i edificación de conformidade co sinalado no artigo 28 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

* En data 28.12.2017 (r.e.nº 16614) por D. Carlos Matovelle presentouse escrito ao que se adxunta xustificante emitidos pola Intervención municipal de ter constituído o aval pola totalidade do custe estimado das obras de urbanización.

Vistos os antecedentes expostos, o Consello da Xerencia informa favorablemente a transmisión do expediente de licenza de obra a favor de APARTAMENTOS Y CENTRO NEGOCIOS CANCELAS S.L. e a concesión de licenza de obra para a construción de nave comercial na Avda. de Cambados nº 57-59 a favor de APARTAMENTOS Y CENTRO NEGOCIOS CANCELAS S.L., de conformidade coa documentación anteriormente exposta. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano R-4
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: Comercial
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 3,50 mts.; 1095,93 m²
4. Orzamento de execución material: 171.217,00 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 42405. Parcela Z-2 Proxecto de compensación UEI-22
6. Técnicos directores das obras:
 - Enxeñeiro Tec. Industrial: D. Daniel Sineiro Fontenla
 - Director de obras e de execución material: D. Daniel Sineiro Fontenla
 - Coordinador de Seguridade e Saúde: D. Daniel Sineiro Fontenla
7. Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
8. Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

Comunicarase ao interesado que, de conformidade co artigo 28 do Regulamento da Lei do solo, entenderase incumplida a obriga de execución simultánea da urbanización e da edificación no caso de uso da edificación antes da recepción das obras de urbanización polo Concello.

Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentar o Oficio de Dirección de Obra e Execución Material correxido por canto existe un erro no mesmo.

Consta únicamente pago de taxas non así do ICIO, polo que deberá darse traslado ao Departamento de Rendos aos efectos oportunos.

De precisar ocupación de dominio publico deberea solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.. (Exp. 86/16)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Rosa M^a Santorum Parada en representación de MEJILLONES NIDAL S.L. para reforma de instalación e maquinaria de conxelación e frío industrial na Rúa Valle Inclán nº 51, de conformidade co proxecto técnico redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Vicente Mira Arnau visaco en data 19/07/2017, e baixo as seguintes prescricións:

- Deberá cumprir estrictamente o establecido na declaración de incidencia ambiental de data 01/12/2017 do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

- Unha vez finalizadas as obras, e de acordo co previsto no artigo 24 da Lei 9/2013 deberá aportar a preceptiva comunicación previa acompañada da seguinte documentación:
 - Certificado final de obra asindao polo técnico director das obras.
 - Informe acústico segundo establece o art. 11 do Decreto 106/2005.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016).

Dése conta ao Departamento de Rendos ós efectos de facturación do ICIO, xa que non consta no expediente. (Expte. 471/17)

Dáse conta do escrito de data 08/11/2017 presentado por Dna. Carmen Nartallo Mendez solicitando se acepte a renuncia á licenza para construción de edificación para cinco vivendas na Rúa Alameda nº 15 e Rúa Aduana nº 10 – Carril, que foi concedida pola Xunta de Goberno Local de data 11/06/2017 e visto informe da Arquitecta Técnica Municipal de data 22/01/2018 no que se sinala que realizada visita á zona, se comproba que non se ten realizado a construción do edificio de vivendas, o Consello da Xerencia informa favorablemente a renuncia á licenza e que se de conta ao Departamento de Recadación ós efectos da devolución do ICIO se procede. (Expte. 62/06)

ASUNTOS VARIOS

Informar favorablemente a solicitude de D. Jesús Manuel Chorén Santos en representación de D. Esteban Refojo Caeiro, para instalación dunha terraza de 15 m², vinculada ao establecemento Café-Bar MALAFAMA situado na Pza. Martín Gómez Abal nº 5 Bx., ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, de conformidade coa documentación presentada e o informe técnico favorable, debendo axustarse a presente autorización ás seguintes condicións:

- Ocupación de 15 m² de vía pública mediante a instalación de veladores para un aforo de 24 persoas.
- Non se solicitan outros accesorios como mamparas, parasoles, macetons, etc.
- A superficie ocupada pola terraza deixará un paso libre de ocupación de 1,80 m. ao largo da fachada do edificio para permitir a circulación de peóns e o acceso a edificios e máis ó propio local.

- Todos os elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen realizar furos nin ancoraxes ao pavimento, debendo retirar as ancoraxes antigas que houbera e repoñer o pavimento.

- Será responsabilidade do solicitante que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.

- A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2018. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.

- O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondente será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a autorización.
- Unha copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación, deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen.
- Comunícaselle que se ten intención de amorear o mobiliario na vía pública, fóra do horario de apertura do establecemento, deberá solicitar a correspondente autorización e liquidar a taxa que se fixe, con indicación da superficie a ocupar co mesmo.
- Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19/10/2016).
- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expt. T-1/18)

Dáse conta do oficio remitido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 22/01/2018, ordenando o cumprimento da sentenza de data 09/11/2017 dictada no Procedemento Ordinario 4156/2014 interposto por Dna. Elena Medina Cuadros en representación de TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A., CONTRA A Ordenanza Municipal reguladora das condicións urbanísticas da instalación e funcionamento dos equipos de telecomunicacións no Concello de Vilagarcía de Arousa, publicada no BOP de Pontevedra de 25 de febreiro de 2014.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo queda sabedor.

Informar favorablemente a solicitude de D. Manuel García Rebolo, para instalación dunha terraza de 5,34 m², vinculada ao establecemento taberna O VIVEIRO situada na Avda. Rosalía de Castro nº 121 Bx, ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, de conformidade coa documentación presentada e o informe técnico favorable, debendo axustarse a presente autorización ás seguintes condicións:

- Ocupación de 5,34 m² de vía pública mediante a instalación de 3 veladores.
- Non se solicitan outros accesorios como mamparas, parasoles, macetóns etc.
- Deberá respectar, en todo momento, que pola beirarrúa se respete un itinerario de 1,80 m. de ancho.

- Todos os elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen realizar furos nin ancoraxes ao pavimento, debendo retirar as ancoraxes antigas que houbera e repoñer o pavimento.
- Será responsabilidade do solicitante que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.
- A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden

modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.

- O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondente será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a autorización.

- Unha copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación, deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen.

- Comunicaselle que se ten intención de amorear o mobiliario na vía pública, fóra do horario de apertura do establecemento, deberá solicitar a correspondente autorización e liquidar a taxa que se fixe, con indicación da superficie a ocupar co mesmo.

- Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19/10/2016).

- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expt. T-44/17)

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.